

ACTA DE ENTREGA AO DO CONCELLO DE ARBO DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PO-400, NO LUGAR DA IGREXA, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECEN

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

Primeiro. O treito antigo da estrada PO-400 obxecto desta acta, situado no lugar da Igrexa, na marxe esquerda da estrada, é resultado dunha modificación do trazado da estrada e conecta coa PO-400 nos puntos quilométricos 23+400 (ME) e 24+460 (ME). Así mesmo, inclúese no cambio de titularidade o ramal de conexión de titularidade autonómica, cunha lonxitude de 85 metros, que enlaza o citado treito antigo coa estrada PO-400 no punto quilométrico 24+200 (ME).

Segundo. O Concello de Arbo aceptou a proposta de cambio de titularidade formulada pola Axencia Galega de Infraestruturas relativa ao treito antigo da estrada PO-400, no lugar da Igrexa, xunto co seu dominio público viario.

Terceiro. Mediante o Decreto 81/2026, do 20 de xullo, (DOG núm.141 do 29 de xullo de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Arbo do treito antigo da estrada PO-400, no lugar da Igrexa, xunto co seu dominio público viario (DPV).

Cuarto. De conformidade co disposto no artigo 2 do citado decreto, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.



En consecuencia, e en cumprimento do disposto no Decreto 81/2026, do 20 de xullo, así como do establecido no artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar a entrega ao Concello de Arbo do treito antigo da estrada PO-400, no lugar da Igrexa, xunto co seu dominio público viario (DPV) nos termos establecidos no Decreto 81/2026, do 20 de xullo:

Nº	Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superf. DPV (m ²)
1	Treito antigo da PO-400 (A Igrexa)	na conexión co p.q 23+420 ME PO-400	X = 560.202 y = 4.664.248	na conexión co p.q 24+450 ME PO-400	X = 560.905 y = 4.664.838	1.303	20.041
2	Ramal de conexión do treito antigo á nova intersección do p.q. 24+200 PO-400	p.q 0+000	X = 560.648 Y= 4.664.672	p.q 0+085	X = 560.730 Y= 4.664.669	85	1.376


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.


A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil Expósito

ANEXO I . PLANOS









As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código:
CME: gqeUklWgA1 https://sede.xunta.gal/cve



4.664.750

4.664.500

4.664.750

4.664.500


560.750

560.750

Nº	Superficie DPV transferencia	Área (m²)
1	Treito antigo PO-400 (A Igrexa) (Pks 23+420 a 24+450 ME)	20.041
2	Ramal conexión treito antigo a nova intersección Pk 24+200 PO-400	1.376

Nº	Eixo (Estrada/Treito/Outros) transferencia	Lonx.(m)
1	Treito antigo PO-400 (A Igrexa) (Pks 23+420 a 24+450 ME)	1.303
2	Ramal conexión treito antigo a nova intersección Pk 24+200 PO-400	85

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Pk 24+200 PO-400	560.765	4.664.651
Inicio Pk 0+000 Ramal conexión	560.648	4.664.672
Final Pk 0+085 Ramal conexión	560.730	4.664.669



Transferencia a prol do Concello de Arbo dun treito antigo da PO-400, no lugar da Igrexa, parroquia de Cequeliños (San Miguel), xunto co seu DPV.

- Puntos quilométricos da transferencia ao Concello ou de referencia
- Eixo viario autonómico obxecto da transferencia ao Concello
- Superficie do DPV obxecto da transferencia ao Concello (deslinde SP-PO)
- Planta obra PO/20/007.10.2 Mellora da intersección no Pk 24+200 da PO-400
- Planta obra PO/23/163.06 Execución dun aparcadoiro nun treito en desuso da PO-400
- Liña de expropiación DPV autonómico segundo SP-PO
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:1.500

